

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

9 SET.
2023

Cidade Imaxinaria

PRO
GRA
MA



XUNTA
DE GALICIA

 ESPECTÁCULOS DE PISTA

 ZONA DE XOGOS E ACTIVIDADES



 Bus

 Cafetería

 Sorteo Club Gaiás

 WC

 Restauración

PUNTO DE INFORMACIÓN
(Praza central, soportais)
Sorteo de camisolas ás
12.45 e 18.30 h

 Información

 Área descanso

 Servizos
sanitarios

ESPECTÁCULOS DE PISTA

01

H

CÍA LA CORCOLES (CATALUÑA)

Praza central | 16.45 a 17.15
e 18.15 a 18.45h

Unha danza en equilibrio sobre cable de funambulismo, un baile de forzas que nos revela as debilidades e necesidades dos seus protagonistas para existir.

02

Jump Cut

DOUBLE TAKE CINEMATIC CIRCUS (BÉLXICA)

Praza central | 16.15 a 16.45 e 18.45 a 19.15 h

Moito máis que circo contemporáneo! Unha experiencia cinematográfica con guión e unha escenografía innovadora. Ao redor dun sofá xigante e un farol de rúa, o dúo protagonista conta unha historia movéndose dunha técnica circense a outra con saltos e acrobacias.

03

The Incredible Box

LA TAL (CATALUÑA)

Praza central | 12.00 a 12.45 e 19.15 a 20.00 h

Non pararás de rir con esta caixa máxica porque a risa dun pallaso nunca perde a forza. Poderán estes excéntricos personaxes manter a grandeza dun show de máis de 150 anos? Veremos o home bala, espadas que atravesan un espazo cunha persoa dentro... nunha función chea de cambadelas, trucos que saen mal e tropezos.

04

Time to loop

DUO KAOS (ITALIA)

Xardín do Teatro | De 17.15 a 17.45 e 18.45 a 19.15 h

O movemento, a elegancia e as acrobacias en bicicleta únense nunha engrenaxe perfecta para emocionarnos nesta función na que o xogo sincronizado e o equilibrio é unha constante. Adéntrate nunha historia de transformación na que dúas personaxes buscan devolver xuntos o caos á harmonía.

05

VoloV

COL.LECTIU TQM (CATALUÑA)

Xardín do Teatro | 13.00 a 14.00 h

6 artistas, 2 músicos multi instrumentais, 4 acróbatas aéreos e bailaríns que utilizan as linguaxes do circo, a música en directo e a danza nun potente espectáculo acrobático cheo de dinamismo e poesía. Non perdas as súas habilidades co trapecio dobre ou a corda voante.

ZONA DE XOGOS E ACTIVIDADES

De 11.00 a 14.30 e de 16.00 a 20.00 h

06 Enginys Eko-Poètiks

KATAKRAK (CATALUÑA)
Corredor exterior CEM

Achégate a esta colección de enxeñosos artefactos realizados con materiais de reciclaxe e que funcionan con enerxía renovable. Xoga e resolve os retos!

07 Escoliña de circo

PISTACATRO (GALICIA)
Soportais da Biblioteca
(11-14h e 16-20h)

Explora os talentos e habilidades circenses da cativada en familia con este obradoiro.

08 Xogos tradicionais

MIUDIÑO SOCIEDADE
COOPERATIVA GALEGA (GALICIA)
Corredor exterior do Museo

Ven xogar cos entretementos máis clásicos como zancos, aros, a ferradura, tiracoios, construcións... E, ademais, unha área especial para bebés.

09 Circus Feria

BAMBOLEA PRODUCCIONES (MADRID)
Xardín Literario

Homenaxe ás antigas feiras de circo que viaxaban de pobo en pobo entretendo aos habitantes con xogos de feira e obradoiros circenses.

10 La Caixeta

HOLOQUÉ (CATALUÑA)
Zona Parque da Balea | Pases de 5'.

Unha caixiña de música xigante e unha bonita historia de amor entre a música e a danza. Ollo ao que pasa dentro e fóra da caixa!
*Quendas de 10 persoas.

11 El onírico interior

HOLOQUÉ (CATALUÑA)
Zona Parque da Balea | Pases de 15'.

Somérxete nunha aventura no interior dunha cabana na que un actor interactúa con monicreques holográficos e obxectos que parecer tomar vida.
*Quendas de 16 persoas.

12 Papaventos

TORBELLINO Y VENTOLERA,
PGKITES, VELAIVAI
Zona Parque da Balea
Exhibición estática de papaventos sobre o ceo do Gaiás e se o tempo o permite tamén teremos espectáculos acrobáticos.

13 Espazo multisensorial para bebés

RISOTADAS (GALICIA)
Sala Eisenman
Espazo de exploración para a cativada de 0 a 3 anos mediante a estimulación a través das cores, os sons e as texturas.

ESPECTÁCULOS ITINERANTES

Animacreques

CATROPÉS (GALICIA)

De 12.45 a 13.45 e 17.30 a 18.30 h

Un xogo visual que permitirá ao público participar e gozar desta peculiar relación entre monicreque e titiriteira. Poesía, tenrura e xogo nunha animación de rúa a tamaño xigante.

Tempus

VISITANTS TEATRE (VALENCIA)

De 16.30 a 17.00 e 18.15 a 18.45h

Unha peza teatral que establece unha ponte física e emocional co espectador que se deixe levar pola curiosidade que xeran catro arqueólogos.

O estraño caso do dentista da rúa Brasov

TROULA ANIMACIÓN (GALICIA)

De 12.45 a 13.45 e 17.15 a 18.15 h

Descubre a estraña historia dun dentista que percorre co seu carromato vilas e cidades buscando clientes para a súa pequena consulta. Xiros inesperados, maxia e clown.


Fanfarra Káustika

KÁUSTIKA (PORTUGAL)

De 11.30 a 12.00 e 16.00 a 16.30 e 19.45 a 20.00 h

Énchete de alegría coas músicas enérxicas e contaxiosas deste colectivo de músicos que traerán ao Gaiás moi boas vibracións.

HORARIOS



DEZAOITO COMPAÑÍAS PARA A GRAN FESTA

A Cidade da Cultura convértese nesta xornada na Cidade Imaxinaria! Goza dun mundo de fantasía coa participación de 18 compañías procedentes de Bélxica, Italia, Portugal, Valencia, Cataluña, Madrid e Galicia. As propostas dividense en:

5 espectáculos de pista: non te perdas os abraiantes números que nos agardan nos escenarios fixos situados na Praza central e no Xardín do Teatro. *Clown*, saltos, equilibrios e acrobacias aéreas que nos deixarán sen alento como as de VoloV, función protagonizada por varios artistas que voarán coas súas cordas no Xardín do Teatro nun pase único de 50 minutos de duración (de 13.00 a 14.00h).

4 funcións itinerantes que percorreren e animarán varias zonas do recinto invitando á troula!

3 zonas de xogos e actividades con entretementos tradicionais e circenses, papaventos, xogos de enxeño, espazos para bebés e mesmo unha escoliña de circo.




ÚNETE AO CLUB GAIÁS E GAÑA UNHA CAMISOLA DE CIDADE IMAXINARIA

Queres saber todo o que pasa na Cidade da Cultura? Coñecer de primeira man a programación especial para público familiar? E ter acceso a descontos nas súas actividades? Ou participar en sorteos exclusivos e múltiples ofertas? Inscríbete no Club Gaiás e todo iso será posible!. **Sorteos ás 12.45 e 18.30 h**

BUSES AO GAIÁS


Servizo de reforzo de autobús urbano

Praza de Galicia → Gaiás cada 20 minutos: **LIÑA 9**



MAÑÁ

Casas Novas → Gaiás



IDA

8:30 9:30
10:30 11:00
11:30 12:00
12:30 13:00
13:30 14:00




VOLTA

9:00 10:00
11:00 11:30
12:00 12:30
13:00 13:30

TARDE

Praza Galicia (parada 410, sentido sur) → Gaiás



IDA

14:20 15:00
15:40 16:20
17:00 17:40
18:20 19:00
19:40 20:20
21:00

Ensinanza - Virxe da Cerca - S. Roque
- Pastoriza - rúa Londres - Fontes do Sar - Piscinas - CDC 1 - CDC



VOLTA

14:00 14:40
15:20 16:00
16:40 17:20
18:00 18:40
19:20 20:00
20:40 21:20

Piscinas - Fontes do Sar - Londres - Lisboa - Berlín - Concheiros - Cruceiro S. Pedro - Angustia - Bonaval - Valle Inclán (La Salle) - Virxe da Cerca - Fonte S. Antonio - Pza. Galicia

+

Anímate a vir camiñando polo Bosque de Galicia e goza dun bonito paseo!

+

Aparcadoiro gratuito para coches ata completar capacidade



XUNTA
DE GALICIA